

► 8 Febreiro, 2018

Xerais lanza á rúa os dous títulos da colección do Salón do Libro

► O evento non incorporará este ano un novo libro á serie iniciada con 'As peripecias de Extravaganzza Pérez' e 'Escaquis e Romeu'

BELÉN LÓPEZ PONTEVEDRA. Os dous títulos que o Concello de Pontevedra publicou ata o momento dentro da colección do Salón do Libro Infantil e Xuvenil, 'As peripecias de Extravaganzza Pérez' e 'Escaquis

e Romeu', chegan da man da editorial Xerais ás librerías. Os dous libros, polo de agora só impresos e distribuídos polo Concello (2.000 exemplares de cada un deles repartidos fundamentalmente en colexios e bibliotecas), chegan deste xeito a todo o público interesado en conseguilos.

A colección de libros do Salón de Pontevedra foi unha iniciativa de animación á lectura posta en marcha pola concelleira Anxos Riveiro que convidaba a autores galegos a realizar unha obra orixinal á que despois se lle adicaba un apartado importante durante o evento. A



Portadas dos dous libros.

escritora Leticia Costas (Premio Nacional de Literatura Infantil) e o ilustrador Oscar Villán (Premio Nacional de Ilustración) foron os encargados de inaugurar a serie con 'As peripecias de Extrava-



ganzza Pérez' en 2016. Contaba a historia dunha cativa que «vive nunha casa que semella un zoolóxico» e que se ve obrigada a marchar á procura dos seus pais cando estes non acaban de volver dunha

expedición secreta. O ano pasado recolleron a testemuña o escritor Antonio Manuel Fraga (Premio Merlín) e o debuxante Jacobo Fernández Serrano (Premio Castela) con 'Escaquis e Romeu', que narra o encontro entre un vello barbeiro e unha nena chegada doutro mundo.

SEN CONTINUIDADE. A colección de libros do Salón en principio non terá continuidade. A organización do evento confirmou que na edición deste ano non se engadirá ningún novo título á serie.

O Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que se celebrará entre o 6 e o 29 de abril, incorporará, por outra banda, varias novidades. Dúas delas, xa anunciadas: a recuperación dun país convidado, neste caso México, e un congreso internacional de mediación lectora.